

## Plan de Escritura, Lectura e Acceso á Información

|                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Que é?</b>                       | É un documento de centro que integra todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso e no tratamento da información, e tamén á comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Elaboración e implementación</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Curso 2025/26</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Primeiro trimestre: análise da situación xeral de partida en relación ao ámbito do plan (necesidades da comunidade educativa, contexto do centro, resultados das avaliacións de diagnóstico e das avaliacións internas...) previa á fase de deseño e elaboración.</li> <li>- Segundo e terceiro trimestre: redacción do PLEA.</li> <li>- Final do terceiro trimestre: presentación do PLEA ao claustro e, posteriormente, aprobación do consello escolar.</li> </ul> </li> <li>- <b>Curso 2026/27</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Implementación efectiva do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información.</li> <li>- Incorporación do PLEA ao PE.</li> </ul> </li> </ul>                                                                    |
| <b>Vixencia</b>                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O PLEA terá unha vixencia de <b>catro cursos escolares</b> e estará suxeito a un proceso de <b>avaliación e mellora continua</b>.</li> <li>- A súa <b>concreción anual</b> realizarase a través da <b>PXA</b>, onde se detallarán as accións previstas para cada curso escolar, vinculadas aos obxectivos establecidos.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Estrutura</b>                    | <p>A estrutura do PLEA deberá conter, cando menos, os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contexto</li> <li>2. Obxectivos             <ol style="list-style-type: none"> <li>a. En relación coa lectura</li> <li>b. En relación coa escritura</li> <li>c. En relación co uso e o tratamento da información</li> </ol> </li> <li>3. Actuacións</li> <li>4. Seguimento, avaliación e difusión</li> </ol> <p>O contexto e os obxectivos do Plan trasladaranse ao PE e terán unha vixencia de catro cursos escolares.</p> <p>As actuacións, seguimento e avaliación e difusión incorporaranse anualmente á PXA.</p>                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Persoas implicadas</b>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O <b>equipo directivo</b> é o responsable de liderar o PLEA no seu deseño, implementación, seguimento, avaliación e difusión, así como de velar polo seu cumprimento.</li> <li>- Designarase unha <b>persoa coordinadora</b> do PLEA con destino definitivo no centro, preferentemente membro do equipo de biblioteca, que contará co apoio da <b>Comisión de Coordinación Pedagóxica</b> ou, no seu defecto, do Claustro. Esta persoa actuará como referente do plan, impulsando as accións recollidas no mesmo, facilitando a comunicación entre os equipos docentes e informando periodicamente a dirección do grao de execución das actuacións previstas.</li> <li>- O profesorado será o responsable de implementar o plan, reflectindo as liñas de actuación nas súas respectivas programacións didácticas.</li> </ul> |